

INSTRUCCIÓN VIII/2020 DA XERENCIA DE 8 DE MAIO DE 2020, POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN DE 26 DE MARZO POLA QUE SE ESTABLECE A XESTIÓN ORZAMENTARIA COMO CONSECUCIÓN DA CRISE POLO COVID-19

A declaración de emerxencia sanitaria por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 e a declaración de estado de alarma realizada polo goberno estatal o 14 de marzo de 2020, fixo que a Universidade de Santiago de Compostela ditase diversas resolucións reitorais para adaptar o funcionamento da USC ás novas circunstancias.

Nese contexto ditouse tamén a Instrución desta Xerencia, número VII/2020, para establecer determinadas medidas no ámbito económico e de funcionamento do servizo.

Logo de que se aprobara a cuarta prórroga do estado de alarma e de que, de maneira progresiva, se iniciara a volta á normalidade prevista en diversas fases, cómpre actualizar os apartados Terceiro e Cuarto da Instrución citada, elevando o umbral a partir do cal é preciso solicitar autorización á Xerencia para realizar novos gastos. Os apartados citados quedan redactados da seguinte forma:

“Terceiro. Autorización e execución de gasto

1. Durante o tempo de vixencia da Instrución VII/2020 só se poderán autorizar aqueles gastos que sexan necesarios para o funcionamento da Universidade de Santiago de Compostela, así como para contribuír a fins que se declaren prioritarios por razóns sociais, sanitarias ou institucionais.

2. A Xerencia poderá autorizar outros gastos que se deriven de contratos e compromisos adquiridos anteriormente e que non sexan susceptibles de aprazamento.

3. A descentralización nos centros de gasto das fases de autorización e disposición do gasto queda condicionada á previa autorización da Xerencia para operacións por importe superior a seis mil euros. Para obter a autorización, o director do centro de gasto remitirá un correo electrónico a autorizacion.gasto@usc.gal coa seguinte información mínima:

- Natureza do gasto que precisa realizar
- Xustificación da necesidade que obriga a contraer o gasto
- Declaración da existencia de crédito suficiente e adecuado na aplicación orzamentaria na que se pretende imputar.

Para subministrar esta información, sempre que sexa posible, enviarase a folia de pedimento cuberta xunto coa solicitude.

Cuarto. Tesourería da Universidade de Santiago de Compostela

A autorización de pagamentos e, polo tanto, a tesourería da Universidade de Santiago de Compostela destinarase con carácter preferente aos seguintes gastos:

- Gastos de persoal
- Gasto corrente correspondente aos servizos de limpeza, seguridade e subministracións de servizos básicos para as infraestruturas.
- Gastos derivados da partida extraordinaria que se dispón no apartado Primeiro.1.”

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/05/2020 18:44:19.

CSV: 0F4A-76F4-411E-9506